



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 93/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ACADEMIA GALLEGA DE JURISPRUDENCIA Y LEGISLACIÓN PARA PUBLICAR OS DISCURSOS DE INGRESO DE LOS SRES/AS. ACADÉMICOS/AS E AS SÚAS MEMORIAS ACADÉMICAS

Na Coruña 3 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Patrimonio, Contratación e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

D. José Antonio García Caridad, Presidente da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación ten entre as súas finalidades a investigación e práctica do dereito e das súas ciencias auxiliares e, en particular a redacción de informes, ditames e consultas de carácter xurídico.

Que a Deputación da Coruña, consciente da importancia que ten o traballo de investigación en calquera rama da ciencia, pola súa repercusión no desenvolvemento da sociedade, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de promoción da actividade investigadora e do fomento da cultura na provincia, competencias que lle son propias ao amparo do disposto no artigo 118, da Lei 5/1997 de 22 de xullo, está interesada en colaborar coa Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, mediante a impresión e edición a través da Imprenta Provincial dos discursos de ingreso dos académicos de número e honra na mesma.

En función das consideracións anteriores, a Deputación provincial da Coruña e a Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.-

A Deputación da Coruña editará a través da Imprenta Provincial os discursos de ingreso dos académicos/as e as súas Memorias Académicas

SEGUNDA.-

A Diputación fará entrega á Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación, con carácter gratuito, 400 exemplares por discurso e cada un formado por aproximadamente 75 páxinas.

TERCEIRA.-

TERCEIRA.-

A Deputación asumirá os gastos de composición, maquetación, impresión, encadernación, e en xeral, todos cuantos xere a edición dos traballos, a través da Imprenta Provincial e con cargo aos créditos orzamentarios asignados á mesma con carácter xeral.

Para o período de vixencia inicial deste convenio prevese a publicación dos discursos de ingreso dos académicos/as e as súas memorias académicas, cunha asunción de gastos por parte da Deputación de 1.510,20 € (IVE INCLUÍDO).

Os gastos supeditaranse, en todo caso, á existencia de crédito adecuado e suficiente das partidas orzamentarias que resultan de aplicación, correspondentes á Imprenta Provincial.

CUARTA.-

A Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación fará constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade que faga dos traballos.

QUINTA.-

A Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación colaborará coa Deputación da Coruña cando ésta sí o solicite, a través da elaboración de estudos de carácter xurídico de interés para a mesma.

SEXTA.-

A Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación comprométese a impartir cursos ó personal da Deputación Provincial da Coruña cando se produzan reformas lexislativas de especial trascendencia. Ademais reservará para dito persoal o 10% das prazas en todas as xornadas o cursos que con carácter habitual ven impartindo.

SÉTIMA.-

O prazo de vixencia do presente convenio ramatará transcorrido un ano, a contar dende odía seguinte o da asinatura do mesmo.

OITAVA.-

Para resolver as controversias que puidesen xurdir constituirase unha comisión mixta, composta por representantes da Deputación e dúas da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación.

Ademais a Deputación provincial da Coruña realizará o seguimento da realización dos traballos por medio do Servizo de Patrimonio e Contratación


NOVENA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación co mesmo serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Faise constar que este convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 11702 de 24 de maio de 2016

En proba de conformidade asinan as partes por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION, PD.
O DEPUTADO DE CONTRATACION,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO



Fdo.: Xesús Soto Vivero

O PRESIDENTE DA ACADEMIA GALLEGA
DE JURISPRUDENCIA Y LEGISLACION



Fdo.: José Antonio García Caridad